



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias maio 2018

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia neste mes de maio do ano 2018 acadou a cifra de 998.092 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de abril de 2018 de 8.676 afiliacións (un 0,88%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.915.668, rexistrando un incremento do 1,27% con respecto ao pasado mes de abril.

Na comparativa interanual (maio de 2018 con maio de 2017) obsérvase un comportamento similar, é dicir, un incremento de 26.788 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,76%), e un incremento do 3,11% (570.254 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de abril deste ano 2018, o único descenso rexístranse en Ceuta e Melilla (-0,07%), presentando crecemento no número de afiliacións medias todas as demais entre as que destacan: Illes Balears (10,74%), Aragón (2,28%), Murcia (2,07%) e La Rioja (2,00%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Ceuta e Melilla, Canarias, Comunitat Valenciana, Madrid, Navarra, Illes Balears e Andalucía (todas elas con taxas iguais ou superiores ao 3%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 3,11%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2018	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.915.668	237.207	1,27	570.254	3,11
Galicia	998.092	8.676	0,88	26.788	2,76
Andalucía	3.087.364	30.247	0,99	90.410	3,02
Aragón	567.624	12.650	2,28	13.245	2,39
Asturias	362.632	2.647	0,74	4.349	1,21
Illes Balears	544.868	52.830	10,74	18.753	3,56
Canarias	790.526	1.523	0,19	31.757	4,19
Cantabria	214.416	1.815	0,85	5.778	2,77
Castilla La Mancha	681.814	9.263	1,38	18.344	2,76
Castilla y León	909.278	8.322	0,92	17.013	1,91
Cataluña	3.393.908	42.321	1,26	97.554	2,96
Comunitat Valenciana	1.856.645	16.419	0,89	72.976	4,09
Extremadura	389.726	5.676	1,48	3.683	0,95
Madrid	3.125.504	19.386	0,62	118.967	3,96
Murcia	585.546	11.884	2,07	14.845	2,60
Navarra	281.746	4.461	1,61	9.923	3,65
País Vasco	952.109	6.595	0,70	20.315	2,18
La Rioja	128.586	2.524	2,00	2.957	2,35
Ceuta e Melilla	45.284	-30	-0,07	2.598	6,09

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por comunidade máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,78%, o que supón 12.675 afiliacións máis, seguida de A Coruña cunha taxa interanual do 2,34% e Ourense (1,99%). A provincia con menor incremento relativo é Lugo, onde se rexistraron 2.349 afiliacións máis que en maio de 2017, un incremento relativo do 1,97%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de maio con respecto ás do mes de abril de 2018, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,88%. Todas as provincias amosan un dato positivo presentando os maiores incrementos Pontevedra (1,35%) con 4.623 afiliados máis e Lugo (0,75%) con 900 afiliacións máis que en abril de 2018.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2018	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	426.798	2.663	0,63	9.767	2,34
LUGO	121.374	900	0,75	2.349	1,97
OURENSE	102.150	490	0,48	1.997	1,99
PONTEVEDRA	347.770	4.623	1,35	12.675	3,78
GALICIA	998.092	8.676	0,88	26.788	2,76
ESPAÑA	18.915.668	237.207	1,27	570.254	3,11


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,5% das afiliacións galegas en maio de 2018, incrementáronse un 1,15% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,84%. En España estas taxas foron do 1,45% con respecto a abril de 2018 e do 3,58% en relación ao mes de maio de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,8%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas aínda que é Pontevedra a que amosa un descenso máis moderado (-0,22%). O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,68%. Para este réxime e con respecto ao mes de abril de 2018, estas taxas son porén positivas en A Coruña, Lugo e Pontevedra, mentres que Ourense amosa unha taxa do -0,02%. Temos así unha taxa do 0,16% para o conxunto de Galicia. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación positiva nos datos con respecto a abril de 2018 (0,45%) e unha variación interanual tamén positiva con respecto a maio de 2017 (1,00%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a maio de 2017 son moi negativas en Lugo (-2,20%); o que fai que a taxa galega sexa do -0,09% inferior ao dato de España (0,53%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a abril de 2018) temos comportamentos negativos, excepto en Pontevedra, e a taxa galega amosa así un descenso do -1,60% con respecto a abril de 2018. A taxa nacional é do 0,82%.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MAIO 2018	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	426.798	0,63	2,34
LUGO	121.374	0,75	1,97
OURENSE	102.150	0,48	1,99
PONTEVEDRA	347.770	1,35	3,78
GALICIA	998.092	0,88	2,76
ESPAÑA	18.915.668	1,27	3,11
R. XERAL			
A CORUÑA	334.606	0,86	3,17
LUGO	84.690	1,08	3,36
OURENSE	77.230	0,65	3,20
PONTEVEDRA	266.913	1,69	5,04
GALICIA	763.439	1,15	3,84
ESPAÑA	15.586.623	1,45	3,58
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.442	0,16	-0,61
LUGO	35.171	0,09	-1,05
OURENSE	24.920	-0,02	-1,58
PONTEVEDRA	67.169	0,26	-0,22
GALICIA	213.702	0,16	-0,68
ESPAÑA	3.261.398	0,45	1,00
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.750	-5,35	0,07
LUGO	1.513	-2,39	-2,20
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.688	0,15	0,08
GALICIA	20.951	-1,60	-0,09
ESPAÑA	65.382	0,82	0,53

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>